



- A ordenación pormenorizada das relacións funcionais entre o Barrio de Bouzas, o Museo do Mar e o inicio do espazo litoral de Samil, coa trama urbana coa que entra en contacto, e definirá a ocupación de espazos vacantes, todos eles fóra das liñas de servidume do deslinde marítimo terrestre que se indican nos planos de ordenación. Igualmente a ordenación completárase, de ser o caso, con dotacións de tipo náutico-deportivo ou deportivo.
- Pormenorizar a catalogación do patrimonio cultural existente no ámbito, garantindo a accesibilidade pública ao mesmo.

4. No ámbito incluído na zona de servidume de dominio público marítimo terrestre, cumprírase toda a regulamentación en materia de costas que lle sexa de aplicación.

Previa a súa aprobación definitiva recabarase informe favorable da administración competente en materia de Costas. Así mesmo as actuacións que afecten a dominio público marítimo terrestre e a súa servidume de protección, deberán contar co correspondente título habilitante e autorización do organismo competente en materia de costas da Comunidade Autónoma.

5. Estarase ao establecido no artigo 34 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia respecto da obriga de recabar con carácter previo á súa aprobación informe da administración competente na materia.

#### 10. PE. 606 Plan Especial de infraestruturas e dotacións do bordo litoral de Samil.

1. Neste ámbito singular da ría de Vigo, coa clasificación de solo urbano e rústico de especial protección de espazos naturais e de costas, desenvolverase o Plan Especial de infraestruturas e dotacións do bordo litoral de Samil.
2. O Plan terá o carácter de Plan Especial de infraestruturas e dotacións, conforme ao establecido no artigo 73 da LSG, e redactarase co obxecto de establecer a ordenación pormenorizada de este importante espazo de ocio cidadán, desenvolvendo un plan especial que permita a recuperación do fronte litoral para uso público, tendo en conta os condicionantes referidos ao cambio climático.
3. Os obxectivos xerais de ordenación serán:
  - A recuperación do espazo natural poñendo en valor o seu ecosistema e facilitando a integración dos valores naturais coa trama urbana do contorno.
  - A resolución dos accesos rodados e peonís; analizando a demanda real respecto do vehículo privado en canto ás necesidades de aparcamento e as conexións



viarias, así como a procura de solucións de mobilidade sostible relacionadas co transporte público e coa bicicleta, para facilitar o acceso a este ámbito.

- Garantir o acceso público ao espazo litoral con solucións brandas que preserven a naturalidade do espazo e a súa renaturalización.
- As solucións propostas preservarán os elementos naturais da costa, como a duna e as rocas do bordo costeiro.

4. No ámbito incluído na zona de servidume de dominio público marítimo terrestre, cumprírase toda a regulamentación en materia de costas que lle sexa de aplicación.

Previa a súa aprobación definitiva recabarase informe favorable da administración competente en materia de Costas. Así mesmo as actuacións que afecten a dominio público marítimo terrestre e a súa servidume de protección, deberán contar co correspondente título habilitante e autorización do organismo competente en materia de costas da Comunidade Autónoma.

5. Estarase ao establecido no artigo 34 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia respecto da obriga de recabar con carácter previo á súa aprobación informe da administración competente na materia.

#### 11. PE. 607 Plan Especial de Infraestruturas e dotacións do Complexo Deportivo de A Tomada.

1. No ámbito delimitado en planos de ordenación, coa clasificación de solo urbanizable, desenvolverase o Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións do Complexo Deportivo de A Tomada.
2. O Plan Especial terá o carácter de plan especial de infraestruturas e dotacións dos previstos no artigo 73 LSG para o desenvolvemento dun sistema xeral dotacional para a implantación dun novo complexo deportivo.
3. Os obxectivos xerais de ordenación serán:
  - Establecer a ordenación pormenorizada do sistema xeral dotacional delimitado polo Plan Xeral, tendo como premisa a rehabilitación ambiental deste espazo contribuíndo á protección dos valores ambientais da área e á ampliación dos espazos dotacionais e de ocio. Así os terreos asociados á valgada da cante, quedarán libres de edificación.
  - Establecer un programa de usos dotacionais que entre outros inclúa os complementarios dos usos deportivos como o servizo de aparcamento axeitado á demanda das novas instalacións deportivas. A intensidade máxima fíxase cunha